



Resolución do 23 de abril de 2018, da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se declara a tramitación de urxencia do proceso selectivo unitario de 109 postos de auxiliar de policía local convocado a través da Orde do 22 de marzo de 2018 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

Mediante orde do 22 de marzo de 2018 (DOG 04/04/2018, núm. 65) convocouse proceso unitario e aprobáronse as bases reguladoras para a selección de 109 postos de auxiliar da policía local.

Dito proceso atopase regulado na antedita orde e no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

O artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, sinala que nos concellos con aumento notorio de poboación en determinadas tempadas, especialmente no verán, poderán incrementar transitoriamente o seu cadro de persoal mediante a contratación de persoal con función de auxiliar de policía.

Os auxiliares de Policía Local desempeñarán funcións de apoio e auxilio os membros do Corpo da Policía Local.

De acordo co establecido no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando razóns de interese público o aconsellen, poderase acordar, de oficio a aplicación do procedemento da tramitación de urxencia, o que supón reducir a metade os prazos establecidos no procedemento ordinario, salvo os relativos a presentación de solicitudes e recursos. Ademais, este artigo precisa que non caberá recurso algún contra o acordo que declare a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin o procedemento.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



ACADEMIA
GALEGA
DE SEGURIDADE
PÚBLICA

galicia

De acordo coas características propias dos postos a contratar, descritas con anterioridade, e a súa necesidade de rematar a selección a maior brevidade posible e poder garantir así os concellos que delegaron a súa selección na Xunta de Galicia, trala sinatura dos convenios preceptivos, a súa contratación para a tempada do verán, constatase que existen razóns fundadas de interese público que aconsellan reducir a metade os prazos establecidos no procedemento ordinario.

Considerando, por tanto, que concorren os requisitos da tramitación de urxencia prevista no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro

RESOLVE

Declarar a urxencia do proceso selectivo unitario para a cobertura de 109 postos de auxiliares de policía local convocados mediante Orde do 22 de marzo, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, reducindo a **5 días hábiles** os seguintes prazos:

- subsanación de solicitudes
- presentación de alegacións as probas realizadas
- presentación da documentación correspondente para a contratación no concello seleccionado

Contra a presente resolución non cabe recurso algún, a tenor do disposto no artigo 33.2 da referida Lei 39/2015, do 1 de outubro,

O director xeral da Agasp



Luis Menor Pérez